

# *Infinda sonata*

Compositor de sonatas e soños,  
permíteme que as túas notas inunden os confíns da miña alma,  
mestúraas co percutir senlleiro das pingas de auga,  
sobre as teclas de marfil e mailos teus dedíños de lá.

Xa é tempo de que ambos nos confinemos na extensión do setestrello,  
e nos tisnemos a face co efecto prata das choronas do ceo.  
Agasállame cun *adagio* morno, lento, silandeiro...  
mentres a noite – sombra reviva cada recuncho da fraga...

... da nosa fraga.

Déixame que peche as pálpebras,  
ao tempo que me personificas en meles de cores,  
e os olores a amorodo (cadoiro de verbas)  
inunden o seo desta perfecta atmosfera.

Compón o poema tatuado nos refachos do tempo,  
consente que flúa de xeito sempiterno...  
e ilustra as verbas, anobélaas en eixes perfectos.  
Ai, amor(e)... (paragoxe imperfecta)

Desdebuxa o etéreo, ese cadaleito de materia escura...  
reflicte e refracta o efecto do astro sobre a face,

e libera a pomba branca do teu peito e...

Non podo describirche a curvatura dos meus beizos neste momento(...)

Sento que nos fundimos nun único conxunto.

E me levas sostida en apertas de filigranas transparentes,

escoitando compasados latexos,

incluídos nun *allegretto - scherzando* acorde ao tempo.

\*\*\*

Ao lado, as batengantes ondas tornan lumes contra as rochas.

As físgoas dos cantís albergan batuxares,

(elas mostran indirectamente o segredo dos tombos)

coma estoupidos que rachan o ceo negro.

A fútil imaxinación creba en terzos inexactos os fíos da miúda tecelá,

a que senta os piares dun milagre agardado

(considerado eufemismo e volto hecatombe)

e as sólidas bases que illan o xélido chan.

Os lenes sons que poboan a mureira do pensamento,

desaparecen, fúlxicos;

en ares e congostras de doenza.

(Nunca ouses pensar na fereza dos océanos)

Agora matínoa só nun minuto,

neste eco do reverso do berro,

á intemperie de sinuosos murmurios,  
só neste tempo de silencio.

Baleiro. Mares de bágoas asolagan a face do meniño.  
Compartir a lembranza nidia do lóstrego de lonxe.  
Permite que a liberdade sexa a pura expresión do riso,  
deixa á MATER, á lingua nai, ser o berce das noites quedas e sen sono.

Borra o presaxio do arcabuz enrabechado nos soños,  
elimina o óxido da férrica utopía.  
Búscate na inquedanza, na esencia...  
ilústrate nese pentagrama de cores azuis.

As notas idiófonas bísbanche verbas bonitas,  
suspiros lenes, claros, tranquilos... durmiñentos...  
que me transportan por pradarias de carballos e bidueiros,  
ilustrados en papiro coa cor carmesí.

Sálvate da negrura, do esquecido, do absorto.  
Rube pola árbore da liberdade eterna  
E olla, olla a noite no banzo da néboa,  
ao tempo que as estrelas clarean o manto escuro do infindo.

Fúndete nas calellas serpeantes  
(oxalá que remate esta rítmica cadencia repetida)

E mira como as pingas de auga esvaran,  
Para subverter esta fútil e ignorante saída.

Só me queda ir pechando os ollos,  
e que as pestanas se debrucen ritmicamente,  
sobre a extensión da fiestra(...)  
ao tempo que rexios estoupidos rachan o veo de sombras.

\*\*\*

Esquezamos a dor das almas errantes,  
enxordece a moxena deste lume de biqueira.  
E agora dimo todo na lingua dos bicos mornos, alén dos ceos...  
mentres perdure a eternidade no devalar deste verso.

Buganvileas. Cheiro a harmonía da esfera subxacente.  
Fermosa misiva lanzada ao ar dos corazóns angurentos.  
Elimina a ciclotimia de choros polo sorriso eterno...  
Conseguido. Á fin... a volta á fraga...

... á nosa fraga, *[sen usuras nin preitos]*

Coas verbas máis mornas,  
empapadas en remansos tenros.  
O piano de cola deléitame con eses sons...  
notas cravadas en pentagramas de papiro.

Os puntos de muiñeira mestúranse coas faíscas.

Os anacos de carballo centenario soan no corazón desta fraga.

Agora tan só queda camiñar cos pés nus e húmidos,

nesta ditosa noite de lúa, parafraseando o preludio desta melodía...

*Lema: Mater*